

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA FEGAN – 5 DE XUÑO 2026

Exclusivamente para Asembleístas

**SO SE DEBATERÁN EN ASEMBLEA AS PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DE NORMATIVAS E CALENDARIOS
ENVIADAS POR ESCRITO ANTES DO XOVES 28 DE MAIO ÁS 20:00 H**

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

***AS PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DE CALENDARIO OU DE NORMATIVA DE COMPETICIÓN, DEBERÁN IR ACOMPAÑADAS DO CALENDARIO OU DA
NORMATIVA COMPLETA.**

ASUNTO:

Circular 26-01

ONDE DI:

Competicións de natación e máster:

Os dereitos de arbitrase das competicións locais e zonais non incluídas no calendario oficial (tomas de tempos e trofeos propios dos clubs) serán por sesión ata unha duración máxima de 2 horas e media. A partir de dita duración aboaranse integramente 5 euros por cada media hora ou fracción adicional.

Competicións de augas abertas:

Os dereitos de arbitrase das competicións de augas abertas serán por sesión ata unha duración máxima de 2 horas e media, a partir de dita duración aboaranse 5 euros por cada media hora ou fracción adicional. A estes efectos, entenderase que a sesión dará comezo unha hora antes do inicio da primeira carreira, e finalizará unha vez a chegada estea pechada

PROPONSE CAMBIAR POR:

Único apartado xeral:

Os dereitos de arbitrase das competicións de natación, máster, augas aberta e natación artística serán por sesión ata unha duración máxima de 2 horas e media, a partir de dita duración aboaranse 5 euros por cada media hora ou fracción adicional. A estes efectos, entenderase que a sesión dará comezo coa de hora na que cada árbitro/a teña que estar na piscina de acordo coa convocatoria emitida polo CGA.

RAZOAMENTO:

Harmonizar e clarificar a redacción para todas as especialidades referida no que respecta a duración das competicións e o cómputo desta.

ASEMBLEÍSTA

(Nome, DNI e sinatura – Non é necesaria a sinatura en envíos por correo electrónico)

Óscar Diéguez Reinaldo - 78737442R